

CANDIDATURA 67_FENIX_6_E

Datos xerais

ACRÓNIMO
FENIX
TÍTULO DO PROXECTO
SISTEMAS URBANOS RESILIENTES
ÁREA DE COOPERACIÓN
6 - Plurirrexional
PRIORIDAD
P3 - Avanzar na transición ecolóxica e na adaptación ao cambio climático do espazo transfronteirizo a través da cooperación como ferramenta para o fomento da economía verde e a economía azul.
OBXECTIVO POLÍTICO
OP2 – Unha Europa mais verde e baixa en carbono Unha Europa mais verde, hipocarbónica e en transición cara unha economía con cer emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, os investimentos verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación ao mesmo, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.
OBXECTIVO ESPECÍFICO
2.4 – Fomento da adaptación ao cambio climático, a prevención de riscos de catástrofes e a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas.
DIMENSIÓN 1. ÁMBITO DE INTERVENCIÓN
061 – Prevención e xestión de riscos naturais non relacionados co clima (por exemplo, accidentes tecnolóxicos), incluídas as acción de sensibilización, a protección civil e os sistemas, infraestruturas e enfoque ecosistémicos de xestión de catástrofes.

Data de inicio	01/09/2022	Data de fin	31/12/2026
----------------	------------	-------------	------------

Resumo do Proxecto

RESUMO

A sociedade actual é cada vez mais consciente da necesidade de loitar contra o cambio climático e mellorar a súa capacidade de resiliencia ante as alteracións irreversibles xa provocadas, moitas derivadas da actividades humana e, en particular, da desenvolvida no ámbito urbano. Entendendo a cidade como orixe e solución a este problema, todos, autoridades e cidadáns, debemos modificar o noso comportamento para contribuir a previr e mitigar os riscos derivados do impacto das nosas actividades nos sistemas urbanos que habitamos, adoptando hábitos de vida e cidades mais saudables e respetuosas co ambiente, tanto dende a perspectiva da xestión do espazo público por parte das administracións locais, como dende o seu uso por parte dos cidadáns.

A UE xa deu o primeiro paso co Pacto Verde Europeo e o novo Bauhaus Europeo, pero son as cidades e a súa área de influencia o epicentro da acción, en tanto que causantes da maior parte das emisión (industria, mobilidade intra e entre centros urbanos, deficiente ou inexistente planeamento do crecemento urbano)

Entendendo que é nelas onde tamén se concentra gran parte da solución, FENIX plantexa actuacións para coordinar a súa acción en ámbitos como a enerxía, o planeamento ou a xestión de residuos no territorio Galicia-Norte-CyL, que comparte características ambientais e problemas demográficos comúns a todo o sistema urbano que forma este territorio natural de cooperación, o que fai que as solucións a desenvolver no marco do proxecto poidan ser compartidas, xa que entre os socios cúbrese unha área de actuación representativa para validar a efectividade e transferibilidade dos resultados.

En 2018 a CE recoñeceu en "A clear planet for all" que as cidades son laboratorios para solucións transformadoras e sostibles. Descarboxinar a economía é urxente, pero os obxectivos emanados dos foros non se conseguirán sen o envolvimento das cidades (dirixentes e cidadáns), realidade que orixina a orientación deste proxecto.

Tras unha década de cumbres da Terra e alertas sobre os riscos do cambio climático, é necesario iniciar nos sistemas urbanos actuacións executivas e operativas que implementen na práctica accións para a loita e adaptación ao cambio climático; resultado tamén das medidas desenvolvidas polos socios de FENIX nos últimos anos: Plans de Desenvolvemento Sostible, Mobilidade Sostible e Descarboxinación.

Partenariado

Listado de beneficiarios/socios

Nº	Nome	Rol	País
BP	Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	BP	España
B2	AIMRD	BE	España
B3	Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular	BE	Portugal

Actividades

Actividade 1 – Capacitación da Administración

Obxectivo: Analizar o impacto do cambio climático nas cidades e desenvolver propostas de solucións para adaptar as cidades a devanditos cambios desde diferentes ópticas: económica, social/inclusiva, empresarial o de planificación urbana.

Lidera: EIXO ES

Actividade 2 – Axencia de Ecoloxía Urbana

Obxectivo: Demostrar que a mellora da resiliencia e adaptación das cidades aos efectos do cambio climático pasa por mellorar a súa eficiencia ambiental, o que a súa vez terá efectos positivos na calidade de vida que ofrecen e así, no seu atractivo para empresas, talento e cidadáns – aspecto determinante para a súa competitividade.

Lidera: EIXO ES

Actividade 3 – Implicación da Sociedade

Obxectivo: Sensibilizar aos cidadáns sobre a importancia do seu contributo para aumentar a resiliencia das cidades ante o cambio climático e desligar a idea de que este deriva exclusivamente da actividade industrial.

Lidera: EIXO ES

Actividade 5 – Xestión e Coordinación

Obxectivo: Asegurar unha correcta implementación do proxecto e maximizar os seus resultados.

Lidera: EIXO ES

Actividade 6 – Comunicación e Visibilidade

Obxectivo:

- Comunicar e difundir o conxunto de actuacións do proxecto
- Sensibilizar á opinión pública sobre a importancia da súa implicación na loita contra o cambio climático.
- Presentar ao ecosistema do territorio do proxecto como un sistema urbano transfronteirizo sostible.

Lidera: EIXO ES
